



En diálogo con Suso de Toro a propósito de *Humildar. Rituais despois de Deus*

Pedro Castelao



1.- Introducción

Cando unha pequena herba agroma no ermo é un signo inequívoco do poder da vida que sempre volve polo seu.

A xenial película do ano 2008 de Disney-Pixar «Wall-e», gañadora dun Óscar ao mellor filme de animación en 2009, ilustra moi ben, nun aspecto que agora explicarei, o significado deste libro de Suso de Toro.

Coa modernidade logrou callar no occidente europeo a idea de que estar á altura dos tempos significaba necesariamente abandonar a relixión. E todo porque esta non sería senón «superstición, cerimonias e ritos» (p. 7) propios de tempos superados e só podería ser sostida por xentes remisas a deixar a maxia como modo efectivo de afrontar a vida coas súas oportunidades e o seus problemas.

A distopía que debuxa Andrew Stanton na amentada longametraxe amósanos un planeta Terra que, no ano 2815, perpetúa un estado de colapso, provocado polo aumento incontrolado do lixo, que levou a que, setecentos anos antes, toda a humanidade tivera que instalarse indefinidamente no espazo ante a imposibilidade de vivir nun planeta convertido nun inmenso vertedoiro de refugallos.

Unha determinada comprensión da modernidade fixo que a relixión fose, para moitos, ese planeta absolutamente inhabitable, cunha atmosfera verdadeiramente irrespirable, cheo de montañas de trebellos inservibles e moreas de refugallos noxentos. Coa excepción dunha herdanza ética ou moral, vinculada a certos valo-